

## **SOBRE AS SANCIONES DAS INFRACCIONES DEONTOLÓXICAS**

Existe unha gran variabilidade na clasificación das faltas e as sancións correspondentes nos diferentes colexios profesionais de España. Resultaría difícil lograr a unificación de criterios nos distintos colexios de psicoloxía do estado. Así, nalgúns, a vulneración do segredo profesional está considerada unha falta grave e noutros sería considerada moi grave. As sancións poden ser nalgúns casos apercibimentos ou multa económica variando a contía en función do grado de gravidade da falta e en ocasións chegando á suspensión ou inhabilitación profesional. Incluso xorden dúbidas se sería legal publicar que un colexiado ou colexiada está sancionada, como acontece nalgún deles, xa que unha cousa sería que fose de dominio público e outra que se publicase.

Fronte a algunhas faltas xorden interrogantes ¿tería máis sentido unha advertencia que unha sanción dun día de suspensión de actividade?, unha alternativa á suspensión de actividade ¿podería ser a sanción económica?, ¿que deberían graduar as faltas dentro de cada cualificación? ¿deberíanse graduar en función de factores como a intencionalidade ou a reiteración?

O debate non está resolto, e fronte a todo isto vese conveniente recuperar a función pedagóxica e mediadora das sancións, sendo necesario promover accións formativas neste sentido desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Tal vez sexa necesario, como colexiados e colexiadas, continuar reflexionando sobre o tema, así como propoñer unha modificación dos Estatutos do COPG, no sentido de flexibilizar e ampliar o arco das posibles sancións para que estean máis acordes co momento actual.